



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 12941/306

ASUNTO: CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019.

ASUNTO: PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁ O CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DO CONCELLO DE VIGO

1. OBXECTO DO CONTRATO
2. PRAIAS NAS QUE SE PRESTARÁ O SERVIZO
3. SERVIZO QUE SE CONTRATA
4. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO
5. MEDIOS A ACHEGAR POLO CONCELLO
6. MEDIOS A ACHEGAR POLA EMPRESA ADXUDICATARIA
 - 6.1. PERSOAL
 - 6.2. EQUIPAMENTO PERSOAL
 - 6.3. DOTACIÓNS MÍNIMAS NOS POSTOS DE VIXILANCIA.
 - 6.4. DOTACIÓNS DE MÓDULOS OU CASETAS, DOTACIÓNS MÍNIMAS DENTRO DOS MÓDULOS E NOS LOCAIS MUNICIPAIS FIXOS, DOTACIÓN DE VEHÍCULO AMBULANCIA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO E ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS.
 - 6.5. DOTACIÓNS MÍNIMAS EN CADA POSTO DO AREAL DE SAMIL E DO VAO DE SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE AO BAÑO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA.
7. COMUNICACIÓNS
8. TAREFAS DO PERSOAL QUE PRESTA O SERVIZO
9. BANDEIRA AZUL
10. DATAS E HORARIOS MÍNIMOS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO
11. BOLSA DE HORAS

ANEXO 1
ANEXO 2
ANEXO 3
ANEXO 4





Concello de Vigo Medio Ambiente

EXPTE.: 12941/306

ASUNTO: CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019.

1. OBXECTO DO CONTRATO

O presente prego de prescricións técnicas ten por obxecto rexer a realización da prestación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida en determinados areais do termo municipal de Vigo así como a execución das prestacións relativas á Bandeira azul que se recollen na cláusula 9 do presente prego.

2. PRAIAS NAS QUE SE PRESTARÁ O SERVIZO:

As praias nas que inicialmente se prestará o servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios do termo municipal de Vigo serán as seguintes:

“Rodas e Figueiras (Illas Cíes), Fortiñón (Saiáns), Canido (San Miguel de Oia), O Vao, Fontañña (Coruxo), Samil (Alcabre), Argazada, O Tombo do Gato, A Punta (Teis)”.

A relación de praias ou areais nos que se prestará este servizo poderá modificarse na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares.

3. SERVIZO QUE SE CONTRATA

O servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida desenvolverase en cada un dos areais especificados na cláusula anterior mediante a presenza do persoal coa capacidade e medios técnicos precisos, durante o verán de xuño a setembro nos lugares, datas e horarios determinados neste prego.

O servizo consistirá na prevención, vixilancia da seguridade dos usuarios da praia e, se fora o caso, intervención nos rescates das situacións de risco que poidan derivarse para estes, asistencia sanitaria de primeiros auxilios que precise calquera usuario do areal e seguridade e accesibilidade para o baño de persoas con mobilidade reducida.

Entre estes servizos compre sinalar de forma enunciativa e non limitativa os seguintes:

VIXILANCIA

- Velar pola conservación das sinais e do material destinado á prevención de accidentes, vixilancia, salvamento, socorro e transporte de accidentes.
- Vixiar, supervisar e percorrer a zona de baño e o areal, estando pendente en todo momento dos riscos potenciais para os usuarios e bañistas.
- Manter, en todo momento, unha actitude e postura correcta nos postos ou torres

Páx. 2 de 41



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 02/02/2018 11:38

Páxina 2 de 41

Aprobado en Xunta de Goberno do 01/02/2018

CSV: 24EC4-CE2CE-ED2EB-DE8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo Medio Ambiente

EXPTTE.: 12941/306

ASUNTO: CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019.

de vixilancia, utilizando a vestimenta facilitada para o servizo e os equipamentos e materiais para vixiar de forma óptima (prismáticos, entre outros).

- Evitar calquera actitude ou conduta de distracción que poida reducir a eficacia da vixilancia.
- Facer respectar a prohibición de que as embarcacións a motor e practicantes de vela, esquí acuático, surf ou outras actividades similares non circulen de xeito ilegal, ou poñendo en perigo aos usuarios que se atopan nas zonas de baño, e a prescrición de que fagan as súas entradas e saídas polas canles destinadas a tal fin. Todo isto de acordo coas disposicións vixentes, en especial, o establecido na lexislación de costas.
- Izar e arriar a bandeira de sinalización do estado da mar, a de índice de radiación ultravioleta máxima, previa consulta co técnico coordinador do servizo, e, no seu caso, das Bandeiras Azuis onde corresponda.
- Colocar e retirar os sinais identificativos de perigo ocasional ou doutras incidencias que xurdan no areal coa frecuencia indicada polo coordinador do servizo ou autoridade competente (bandeiras de sinalización das canles de entrada e saída de embarcacións, entre outras).
- Esixir o cumprimento da normativa aplicable a todas as persoas en coordinación coas demais entidades implicadas e a Policía Local.
- Manter a zona destinada ao baño totalmente libre de animais e de obxectos que poidan presentar riscos para os bañistas, dando conta inmediata á autoridade competente.
- Transmitir os avisos a través dos sistemas acústicos, visuais ou mixtos que existan nas praias destinados a informar ós usuarios das praias das posibles alteracións do estado do mar, a aparición de calquera clase de perigo ou continxencia ou sobre a necesidade de colaborar nas operacións de salvamento, socorro, transporte, búsqueda de persoas ou obxectos perdidos ou outros fins semellantes.
- Comunicación ao técnico coordinador do servizo ou autoridade competente de calquera incidencia con respecto ao estado das praias.
- Calquera outra establecida na lexislación vixente ou que se estime procedente para a salvagarda da seguridade dos usuarios das praias.

SOCORRISMO E SALVAMENTO

- O servizo de socorrismo e salvamento estará en disposición permanente de

Páx. 3 de 41



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 02/02/2018 11:38

Páxina 3 de 41

Aprobado en Xunta de Goberno do 01/02/2018

CSV: 24EC4-CE2CE-ED2EB-DE8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 12941/306

ASUNTO: CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019.

actuar durante o horario de servizo na praia a fin de intervir inmediatamente que sobreveña algún incidente. A intervención obrigatoria do servizo terminará tan pronto como se considere postas a salvo as persoas accidentadas, tras recibir estas os auxilios necesarios.

- Realizar os rescates na auga coa dilixencia, eficacia e seguridade posible, coa axuda dos equipos ou medios de prevención ou actuación do areal, ou se fora o caso, doutros alleos ao servizo.
- Controlar ao público en situacións de rescate, en coordinación cos axentes e equipos implicados na seguridade dos areais.
- Avisar das emerxencias e practicar os primeiros auxilios no caso de ser necesario.
- Comunicación ao técnico coordinador do servizo ou autoridade competente de calquera incidencia con respecto ao estado das praias.
- En xeral, calquera outra tarefa de socorrismo ou salvamento para garantir a seguridade das vidas humanas nos lugares de baño.

ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS

- Prestación da asistencia sanitaria básica de primeiros auxilios nos areais obxecto deste contrato.
- Prestación de transporte sanitario aos accidentados nos areais obxecto deste contrato e calquera outros areais nos que se demande dentro do termo municipal, sempre baixo a debida autorización do técnico coordinador de praias ou responsable municipal.
- Evitar calquera actitude ou conduta de distracción que poida reducir a eficacia do servizo.

SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

- O servizo consistirá na prevención, vixilancia da seguridade dos usuarios e axuda para o acceso ao baño das persoas con mobilidade reducida e, se fora o caso, intervención nos rescates das situacións de risco que poidan derivarse para estes e asistencia de primeiros auxilios.

Ditos servizos serán prestados por socorristas acuáticos, diplomados universitarios en enfermería (DUE) ou graduado universitario en enfermería (GE), axudantes de primeiros auxilios, monitores especializados, condutores de ambulancia segundo o persoal existente en cada areal de acordo co establecido neste prego, e baixo a

Páx. 4 de 41



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 02/02/2018 11:38

Páxina 4 de 41

Aprobado en Xunta de Goberno do 01/02/2018

CSV: 24EC4-CE2CE-ED2EB-DE8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo Medio Ambiente

EXPTTE.: 12941/306

ASUNTO: CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019.

coordinación do responsable da empresa adxudicataria o cal, a súa vez, manterá a correspondente coordinación co técnico coordinador de praias designado polo Concello de Vigo.

As tarefas de asistencia sanitaria de primeiros auxilios naquelas areas que non dispoñan de DUE ou GE e axudante de primeiros auxilios serán realizadas polos socorristas acuáticos que dispoñen, tamén, de formación específica de primeiros auxilios utilizando o módulo mixto co equipamento sanitario preciso cuxo manexo deberán coñecer en todo momento.

A empresa que presta o servizo dotarao dunha ambulancia equipada con soporte vital básico, clase B, con posto base no areal de Samil, co obxecto do traslado urgente a centros sanitarios das persoas accidentais nos areas que así o requiran.

4. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

A empresa adxudicataria non será a única entidade que preste servizos de prevención e actuación nos areas e franxas costeiras sinaladas no obxecto do contrato. Entre outras, poden ter responsabilidades no mar Protección Civil mediante embarcacións e persoal propio, outros servizos de salvamento e socorristas supramunicipais, polo que organizará os seus servizos tendo en conta as súas respectivas responsabilidades e en coordinación co indicado neste prego.

Co obxecto de coordinar estas unidades e outros servizos de apoio coa maior operatividade posible, a empresa adxudicataria seguirá en todo momento as indicacións do técnico coordinador de praias, que será designado pola Concellería de Medio Ambiente, e as da propia concellería, escollendo o sistema de vixilancia máis óptimo en función dos factores, características da praia e circunstancias propias do momento en colaboración coas devanditas entidades.

As funcións, fundamentalmente a pe de praia, do técnico coordinador de praias que designe o Concello en relación co servizo que se contrata serán as seguintes:

- Coordinar os servizos de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios, protección civil e outros servizos de apoio baixo a superior dirección da Concellería de Medio Ambiente.
- Elaborar plans de prevención e actuación nos areas respecto dos servizos coordinados.
- Supervisar as tarefas levadas a cabo por cada entidade que presta os servizos nas praias.
- Elaborar os informes de atencións destacadas e os partes estadísticos de todas as atencións prestadas no desenvolvemento do servizo. Para este fin, a empresa que

Páx. 5 de 41



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 02/02/2018 11:38

Páxina 5 de 41

Aprobado en Xunta de Goberno do 01/02/2018

CSV: 24EC4-CE2CE-ED2EB-DE8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo Medio Ambiente

EXPTE.: 12941/306

ASUNTO: CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019.

presta o servizo facilitará ao coordinador diariamente e con carácter inmediato, todos os partes de rexistro diarios de atencións, os informes de asistencia da ambulancia e calquera outros que demande a concellería de Medio Ambiente.

- Velar polo cumprimento das diferentes entidades nos criterios de adxudicación da bandeira azul.

- Velar pola colaboración entre os diferentes equipos que poidan intervir nunha mesma labor de prevención, vixilancia ou actuación na praia.

- Velar pola axeitada preparación de tódolos equipos humanos e materiais que interveñen nos servizos de salvamento en praias.

- Supervisar a operatividade nas comunicacións entre os distintos equipos das praias, e entre os propios membros de cada equipo.

- Informar ao responsable do contrato e o/a concelleiro/a de Medio Ambiente de calquera incidencia que se produza nas praias para os efectos do previsto no artigo 52 do Rdl 3/20011, de 14 de novembro.

- Calquera outra función que determina a concellería de Medio Ambiente relativa á prestación destes servizos.

A empresa adxudicataria deberá distribuír os medios humanos dispoñibles para que toda a extensión da beira do mar e as inmediacións do areal estea observada de xeito continuo dende a apertura ata o peche do servizo, mediante vixilancia estática ou dinámica.

Cando as condicións meteorolóxicas sexan adversas, poderá excepcionalmente reducirse ou reforzarse o número e horario dos socorristas de conformidade co técnico coordinador de praias. Dita redución ou reforzo do servizo deberá garantir un retén de persoal e material que poida solventar calquera posible emerxencia en todos os areais mencionados.

A empresa adxudicataria distribuirá e organizará ao persoal por quendas segundo as responsabilidades, necesidades funcionais, títulos, experiencia, xefes de equipo, etc., e designará como mínimo a un responsable do servizo contratado que asumirá as funcións directas de organización do persoal da empresa, operativa na praia e interlocución co técnico coordinador de praias, velando polo cumprimento dos requisitos derivados deste prego.

5. MEDIOS ACHEGAR POLO CONCELLO

O Concello de Vigo fixará os postos de prestación do servizo de vixilancia, salvamento e socorrismo, dotando cada un deles de torres de vixilancia cun toldo de lona

Páx. 6 de 41



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 02/02/2018 11:38

Páxina 6 de 41

Aprobado en Xunta de Goberno do 01/02/2018

CSV: 24EC4-CE2CE-ED2EB-DE8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 12941/306

ASUNTO: CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019.

identificativo, 2 lonas paraventos e un mastro para o izado das bandeiras de sinalización, coa seguinte distribución mínima:

Areaís	Nº postos	Areaís	Nº postos	Areaís	Nº postos
Figueiras	1 sen torre	Tombo do Gato	1	Fontaíña	1
Rodas	1 en xuño e setembro e 2 en xullo e agosto	Argazada	1	Canido	1
A Punta	1 sen torre	Samil	2 en xuño e setembro. 3 en xullo e agosto	Fortiñón	1
		O Vao	1		

Os locais fixos municipais existentes situados na praia de O Vao (caseta de madeira), praia de Samil (local na edificación identificada como Centro de Coordinación de Emerxencias en Praias), na praia de Rodas (caseta de madeira), estarán á disposición da empresa que preste o servizo nos horarios establecidos para a prestación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios e para emitir os avisos polos sistemas acústicos, visuais ou mixtos. Para tal fin, a concellería de Medio Ambiente facilitará unha chave de todas as dependencias á empresa que preste o servizo, da que terán copia a propia concellería, o técnico coordinador de praias, a Sección de Costa e Praia da Policía Local, e os Gardas do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, co fin de poder atender unha emerxencia aínda que se produza fora do horario de prestación do servizo pola empresa.

A empresa que preste o servizo non poderá utilizar estas dependencias para usos que non estean contemplados no presente prego, ou fora do horario de prestación dos servizos, salvo autorización expresa da concellería de Medio Ambiente.

O Concello de Vigo instalará a megafonía nos areaís de Vao, Fontaíña, Samil, Argazada e Tombo do Gato para a emisión de avisos ós usuarios das praias.

A Concellería de Medio Ambiente, a través do técnico coordinador, exercerá a coordinación dos servizos das entidades que participen na prevención e actuacións nos areaís, así como a inspección e control do adecuado funcionamento do persoal e dos medios materiais empregados no servizo.

A empresa que presta o servizo, fará un uso axeitado da megafonía, emitindo as mensaxes na forma determinada pola concellería de Medio Ambiente. Todas as

Páx. 7 de 41



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 02/02/2018 11:38

Páxina 7 de 41

Aprobado en Xunta de Goberno do 01/02/2018

CSV: 24EC4-CE2CE-ED2EB-DE8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 12941/306

ASUNTO: CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019.

mensaxes deben facer referencia ao “Servizo de salvamento e socorrismo do Concello Vigo” e en ningún caso mencionar á empresa que presta o servizo.

A Concellería de Medio Ambiente, a través do técnico coordinador de praias, facilitará por escrito á empresa os textos de referencia para todos os casos, ben para utilízalos mediante emisións en directo, ou en gravacións regulares (apertura e peche diaria de servizo, por exemplo).

6. MEDIOS A ACHEGAR POLA EMPRESA ADXUDICATARIA

6.1. PERSOAL

A empresa adxudicataria dotará de persoal suficiente para a prestación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios nas praias obxecto do contrato e que deberá ser como mínimo o seguinte:

1.- Rodas nas illas Cíes

- Número de socorristas acuáticos: dous (2) en xuño e setembro, tres (3) en xullo e agosto.
- Número de diplomados universitarios en enfermería (DUE) ou graduados universitarios en enfermería (GE): un (1).
- Número de persoal axudante con formación en primeiros auxilios: un (1).

2.- Figueiras en Cíes:

- Número de socorristas acuáticos: dous (2).

3.- A Punta

- Número de socorristas acuáticos: dous (2)

4.- Tombo do Gato

- Número de socorristas acuáticos: dous (2)

5.- Argazada:

- Número de socorristas acuáticos: dous (2).
- Número de DUE ou GE: un (1).
- Número de persoal axudante con formación en primeiros auxilios: un (1).

6.- Samil

- Número de socorristas acuáticos: catro (4) en xuño e setembro, seis (6) en xullo e agosto.
- Número de DUE ou GE: un (1)
- Número de persoal axudante con formación en primeiros auxilios: tres (3)
- Número de condutores de ambulancia: dous (2).
- Número de monitores especializados en atención a persoas con mobilidade reducida: dous (2).





Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 12941/306

ASUNTO: CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019.

- Número de telefonistas: un (1).

7.- Fontaiña

- Número de socorristas acuáticos: dous (2).

8.- Vao

- Número de socorristas acuáticos: dous (2) en xuño e setembro, tres (3) en xullo e agosto.
- Número de DUE ou GE: un (1).
- Número de persoal axudante con formación en primeiros auxilios: un (1).
- Número de monitores especializados en atención a persoas con mobilidade reducida: dous (2).

9.- Canido

- Número de socorristas acuáticos: dous (2).

10.- Fortiñón

- Número de socorristas acuáticos: 2

O dito persoal estará en posesión da seguinte formación ou titulación e a empresa adxudicataria deberá xustificala debidamente ao Concello cando se requira: Os socorristas acuáticos deberán estar inscritos no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, na Sección de Socorristas en Espazos Acuáticos Naturais, segundo o establecido nos Decretos autonómicos 35/2017, de 30 de marzo e 104/2012, de 16 de marzo, e en posesión do distintivo que sinala a Orde da Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza da Xunta de Galicia de data 14 de maio de 2012; os diplomados universitarios en enfermmería ou graduados universitarios en enfermmería estarán en posesión do citado título universitario que habilita para o exercicio destas profesións; os axudantes de primeiros auxilios deberán acreditar como mínimo ter realizado cursos de formación en primeiros auxilios; os monitores especializados en atención a persoas con mobilidade reducida deberán acreditar, como mínimo, ter realizado cursos de formación ou posuír experiencia acreditada neste servizo, os condutores de ambulancia deberán estar en posesión do título profesional habilitante para ambulancias asistenciais de clase B segundo o Decreto autonómico 52/2015, de 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario.

Os días nos que o servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios nos areais do termo municipal de Vigo sexa en horario de mañá e tarde, é dicir, que comece antes das 14:00 h., permitirase a presenza dun so socorrista e a alternancia entre o DUE ou GE e o axudante sanitario nos postos entre as 14:00 horas a 16:00 horas. No areal de o Vao e no de Rodas nos meses de xullo e agosto, ben de 14:00 a 15:00 horas, ben de 15:00 a 16:00 horas, haberá dous socorristas no posto. O persoal de ambulancia, monitores con mobilidade reducida deberán permanecer nos seus postos permanentemente en número e horario establecidos neste prego.





Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTTE.: 12941/306

ASUNTO: CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019.

Ademais do persoal citado como mínimo, a empresa adxudicataria designará, como mínimo, a un responsable do servizo contratado que estará a pé de praia e que asumirá as funcións directas de organización do persoal da empresa, operativa na praia e interlocución co técnico coordinador de praias, velando polo cumprimento dos requisitos derivados deste prego.

6.2. EQUIPAMENTO DO PERSOAL

Todo o persoal pertencente ao servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento, asistencia sanitaria de primeiros auxilios e seguridade e accesibilidade para o baño a persoas con mobilidade reducida nos areais do termo municipal de Vigo deberá ir uniformado e identificando con claridade o servizo que presta, estando a empresa adxudicataria obrigada a dotar e repoñer o equipamento, coa dilixencia e periodicidade precisa, para o persoal que preste servizos.

Como mínimo, o equipamento persoal de cada traballador será o que se detalla a continuación, sendo obrigado o seu uso segundo ás circunstancias climatolóxicas da xornada. Polas concretas especificacións que se necesitan, pola debida protección dos traballadores e pola estandarización da imaxe do servizo, non se permite o uso de material distinto ao especificado. Por motivos de hixiene, non se permite o intercambio deste material entre máis de un traballador, sendo necesario que cada persoa dispoña da súa equipación individual completa do material seguinte (a excepción unicamente do Marpa ou tubo de rescate, no caso dos socorristas, pode ser utilizado no mesmo posto por diferentes socorristas segundo as quendas laborais):

6.2.1.- Material de uso individual por cada socorrista:

- Camiseta ou polo: 2 unidades.
- Bañador tipo bermudas para o persoal masculino e feminino: 2 unidades.
- Bañador enteirizo para o persoal feminino: 2 unidades.
- Anorak ou prenda de abrigo, con forro polar interior e parte exterior impermeable: 1 unidade.
- Pantalón longo: 1 unidade.
- Aletas de rescate de lonxitude total non inferior aos 45 cm: 1 unidade (par).
- Gorra identificativa: 1 unidade.
- Lentes de sol polarizadas con filtro solar de nº3 ou 4: 1 unidade.
- Silbato: 1 unidade.
- Crema de protección solar con factor de protección 50: en unidades suficientes para todo o período de prestación do servizo.

6.2.2.- Material de uso compartido entre as diferentes quendas de cada posto de socorrista:

- “Marpa” ou tubo de rescate para persoas conscientes e inconscientes, con sistema de enganche de mosquetón a diferentes puntos de anclaxe segundo o tamaño da posible vítima: 1 unidade.

Páx. 10 de 41



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 02/02/2018 11:38

Páxina 10 de 41

Aprobado en Xunta de Goberno do 01/02/2018

CSV: 24EC4-CE2CE-ED2EB-DE8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 12941/306

ASUNTO: CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019.

6.2.3.- Material de uso individual por cada responsable do servizo contratado, telefonista, DUE ou GE, condutores ou técnicos de ambulancia, persoal axudante con formación en primeiros auxilios:

- Camiseta ou polo: 2 unidades.
- Pantalón corto en material resistente, con bolsillos laterais e bandas reflectantes: 2 unidades.
- Pantalón longo en material resistente, con bolsillos laterais e bandas reflectantes: 2 unidades
- Anorak ou prenda de abrigo, con forro polar interior e parte exterior impermeable: 1 unidade.
- Gorra identificativa: 1 unidade.
- Lentes de sol polarizadas con filtro solar de nº3 ou 4: 1 unidade.

6.2.4.- Material de uso individual por cada monitor de persoas con mobilidade reducida:

- Camiseta ou polo: 2 unidades.
- Bañador tipo bermudas para o persoal masculino e feminino: 2 unidades.
- Bañador enteirizo para o persoal feminino: 2 unidades.
- Licra para ir a auga como complemento ó bañador: 2 unidades.
- Anorak ou prenda de abrigo, con forro polar interior e parte exterior impermeable: 1 unidade.
- Pantalón longo: 1 unidade.
- Gorra identificativa: 1 unidade.
- Lentes de sol polarizadas con filtro solar de nº3 ou 4, pola exposición ó sol e os reflexos de auga: 1 unidade.
- Crema de protección solar con factor de protección 50: en unidades suficientes para todo o período de prestación do servizo.

As cores das prendas que vistan a parte superior do corpo (camisetas ou polos, anoraks ou prendas de abrigo, etc...) deberán ser obrigatoriamente, na súa maior parte, "amarelo flúor", utilizada de maneira estándar neste tipo de servizos pola súa rápida identificación polos usuarios das praias. As cores para as prendas que vistan a parte inferior do corpo (bañador tipo bermuda, pantalón corto, pantalón longo, etc...) deben permitir igualmente que sexan facilmente identificables para os usuarios das praias, escollendo a empresa adxudicataria as máis apropiadas para compoñer a totalidade dos uniformes.

As identificacións que figuren no equipamento da parte superior do corpo deberán incluír na parte posterior e centrada das costas, a lenda do servizo que se presta, resumido en "SERVIZO DE SOCORRISMO EN PRAIAS", para o servizo de accesibilidade ó baño a persoas con mobilidade reducida "SERVIZO ACCESIBILIDADE O BAÑO PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA", e baixo o texto incluír o logotipo oficial do Concello de Vigo, ambas en tamaño grande facilmente identificable polos

Páx. 11 de 41



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 02/02/2018 11:38

Páxina 11 de 41

Aprobado en Xunta de Goberno do 01/02/2018

CSV: 24EC4-CE2CE-ED2EB-DE8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTTE.: 12941/306

ASUNTO: CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019.

usuarios das praias. Na parte anterior deste equipamento e á esquerda, incluírase o logotipo oficial do Concello de Vigo, e baixo él, a función de cada traballador (responsable, DUE/GE, condutor/técnico, axudante de primeiros auxilios, socorrista, telefonista, monitor).

As identificacións que figuren no equipamento da parte inferior do corpo deberán incluír na parte anterior e esquerda o logotipo oficial do Concello de Vigo.

En todos os equipamentos non pode menoscabarse a visibilidade desta imaxe identificativa por ningunha outra, non permitíndose incluír ningún tipo de publicidade.

A Concellería de Medio Ambiente deberá prestar a súa conformidade á totalidade da indumentaria antes do inicio anual da prestación do servizo, atendendo a ditos criterios.

Deberá utilizarse de xeito adecuado a vestimenta de cara a dar unha boa imaxe do servizo aos usuarios, quedando prohibido o uso deste material fóra do horario do servizo.

6.3. DOTACIÓNS MÍNIMAS NOS POSTOS OU TORRES DE VIXILANCIA:

A empresa adxudicataria dotará a cada posto ou torre de vixilancia dos medios necesarios para levar a cabo correctamente o servizo, sendo a dotación mínima de cada posto ou torre de vixilancia de:

- Prismáticos: 1 unidade.
- Emisora portátil dixital DMR: 1 unidade por cada socorrista.
- Funda estanca: 1 unidade por cada emisora portátil dixital DMR.
- Botiquín de primeiros auxilios coa dotación que se sinala no anexo 1.
- Taboleiro espiñal de inmovilización acuática (con cinchas de velcro): 1 unidade.
- Inmovilizador de cabeza para o taboleiro espiñal ("Dama de Elche"): 1 unidade.
- Colariño cervical multitalla modelo adulto: 1 unidade.
- Colariño cervical multitalla modelo pediátrico: 1 unidade.
- Tensores elásticos para suxeición de toldos e paraventos: 4 unidades por cada toldo e paravento.
- Mosquetóns de aceiro inoxidable: 6 unidades por cada posto de vixilancia.
- Bandeiras do estado do mar: 1 xogo completo (cor verde, amarelo e vermello) por cada mastro de cada praia.
- Guantes de protección laboral para a manipulación de tensores, cabos e cables dos postos de vixilancia e mastros: 1 par por cada socorrista.

6.4. DOTACIÓNS DE MÓDULOS OU CASETAS, DOTACIÓNS MÍNIMAS DENTRO DOS MÓDULOS E NOS LOCAIS MUNICIPAIS FIXOS, DOTACIÓN DE VEHÍCULO AMBULANCIA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO E ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS

Páx. 12 de 41



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 02/02/2018 11:38

Páxina 12 de 41

Aprobado en Xunta de Goberno do 01/02/2018

CSV: 24EC4-CE2CE-ED2EB-DE8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 12941/306

ASUNTO: CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019.

AUXILIOS.

A empresa adxudicataria dotará todos os locais (fixos, mixtos, módulos) dos debidos materiais de protección contra incendios segundo a normativa vixente, así como asegurará que todas as instalacións eléctricas permitan o subministro seguro de corrente eléctrica para todos os equipos que se solicitan neste prego e calquera outros dos que se dote ao servizo garantindo, en todo momento, o cumprimento da normativa de seguridade legalmente esixible para as instalacións eléctricas.

A empresa adxudicataria dotará o servizo durante toda a tempada de presentación do servizo, de 15 de xuño a 15 de setembro, cos seguintes módulos ou casetas como mínimo, que serán móbiles ou desmontables, situados nas praias que de seguido se indiquen e nos puntos acordados pola concellería responsable do servizo:

- Un módulo mixto en Fortiñón coas seguintes características aproximadas:
Largo: 4,41 m; ancho: 2,44 m; altura interior: 2,50 m; división ou espazos interiores: non; - porta exterior: 1; ventás con reixa: 2; - conexión eléctrica: Si; aire acondicionado: Si; conexión auga corrente: si.
- Un módulo mixto en Canido coas seguintes características aproximadas:
Largo: 7,35 m; ancho: 2,44 m; altura interior: 2,50 m; divisións ou espazos interiores: 1 aseo central e 2 estancias nos extremos; porta exterior: 1; ventás con reixa: 2; conexión eléctrica: si; aire acondicionado: si; conexión de auga corrente: si.
- Un módulo mixto en Fontaíña coas seguintes características aproximadas:
Largo: 7,35 m; ancho: 2,44 m; altura interior: 2,50 m; divisións ou espazos interiores: 1 aseo central e 2 estancias nos extremos; porta exterior: 1; ventás con reixa: 2; conexión eléctrica: si; aire acondicionado: si; conexión de auga corrente: si.
- Un módulo para socorrista acuáticos no Vao coas seguintes características aproximadas:
Largo: 4,41 m; ancho: 2,44 m; altura interior: 2,50 m; divisións ou espazos interiores: non; porta exterior: 1; ventás con reixa: 2; conexión eléctrica: si; aire acondicionado: si; conexión de auga corrente: non
- Un módulo para socorristas acuáticos en Samil coas seguintes características aproximadas:
Largo: 4,41 m; ancho: 2,44 m; altura interior: 2,50 m; divisións ou espazos interiores: non; porta exterior: 1; ventás con reixa: 2; conexión eléctrica: si; aire acondicionado: si; conexión de auga corrente: non
- Un módulo mixto en Argazada coas seguintes características aproximadas:
Largo: 7,35 m; ancho: 2,44 m; altura interior: 2,50 m; divisións ou espazos

Páx. 13 de 41



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 02/02/2018 11:38

Páxina 13 de 41

Aprobado en Xunta de Goberno do 01/02/2018

CSV: 24EC4-CE2CE-ED2EB-DE8BA

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo
Medio Ambiente

EXPTE.: 12941/306

ASUNTO: CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, SOCORRISMO, SALVAMENTO, ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE PARA O BAÑO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA EN DETERMINADOS AREAIS DE VIGO NO 2018 E 2019.

interiores: 1 aseo central e 2 estancias nos extremos; porta exterior: 1; ventás con reixa: 2; conexión eléctrica: si; aire acondicionado: si; conexión de auga corrente: si.

- Un módulo mixto en Tombo do Gato coas seguintes características aproximadas: Largo: 7,35 m; ancho: 2,44 m; altura interior: 2,50 m; divisións ou espazos interiores: 1 aseo central e 2 estancias nos extremos; porta exterior: 1; ventás con reixa: 2; conexión eléctrica: si; aire acondicionado: si; conexión de auga corrente: si.
